



CONCELLOS

O CORGO

Anuncio

En sesión do pleno do 19 de novembro de 2021 acordouse aprobar por unanimidade unha corrección de erros na Relación de Postos de Traballo e Cadro de Persoal incluídos no orzamento para 2021 tras terse detectado un erro material nos mesmos.

A corrección de erros aprobada expónse ao público por un prazo de 20 días a contar dende o seguinte á publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.

Corrección de erros:

- Na RPT, onde di:

1.3.b.3) XESTION DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.)

DENOMINACIÓN POSTO	RÉXIME XURÍDICO	DOTACIÓN	CD	TIPO POSTO	FORMA PROVISIÓN	GRUPO COTIZACIÓN SEGURIDAD SOCIAL	ESCALA/SUBESCALA	TITULACIÓN ACADÉMICA	FUNCIÓNS	SITUACIÓN
Encargada /personal de atención	Laboral	1	--	Normal	Oposición/concurso oposición	2	--	Licenciado/a en pedagogía ou psicopedagogía. Mestre especialista en educación infantil ou equivalente. Técnico superior en educación infantil ou equivalente.	Xestión do PAI (persoal de atención/ encargada), segundo regulamento interno	Contrato laboral temporal
Personal de apoio	Laboral	2	--	Normal	Oposición/concurso oposición	3	--	Técnico en atención socio-sanitaria. Técnico superior en animación sociocultural. Técnico en cuidados auxiliares de enfermería. Diplomado/a en puericultura ou equivalente.	Xestión do PAI (persoal de apoio), segundo regulamento interno	Contrato laboral temporal

Debe dicir:**1.3.b.3) XESTION DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA****(P.A.I.)**

DENOMINACIÓN POSTO	RÉXIME XURÍDICO	DOTACIÓN	C D	TIPO POSTO	FORMA PROVISIÓN	GRUPO COTIZACIÓN SEGURIDAD SOCIAL	ESCALA/SUBESCALA	TITULACIÓN ACADÉMICA	FUNCIÓNS	SITUACIÓN
Encargado/personal de atención	Laboral	1	--	Normal	Dposición/c concurso Dposición	2	--	Mestre especialista en educación infantil. Técnico superior en educación infantil. Decreto 192/2015, de 29 de outubro, polo que se define a carteira de servizos sociais de Galicia	Xestión do PAI (persoal de atención/ encargada), segundo regulamento interno	Contrato laboral temporal
Personal de atención	Laboral	1	--	Normal	Dposición/c concurso Dposición	2	--	Mestre especialista en educación infantil. Técnico superior en educación infantil. Decreto 192/2015, de 29 de outubro, polo que se define a carteira de servizos sociais de Galicia	Xestión do PAI (persoal de atención), segundo regulamento interno	Contrato laboral temporal
Personal de apoio	Laboral	1	--	Normal	Dposición/c concurso Dposición	3	--	Técnico en atención socio-sanitaria. Técnico superior en animación sociocultural. Técnico en cuidados auxiliares de enfermaría. Diplomado/a en puericultura ou equivalente.	Xestión do PAI (persoal de apoio), segundo regulamento interno	Contrato laboral temporal

- No cadro de persoal, onde di:

- c) Persoal Punto de Atención á Infancia (PAI) 3
 c.1) Encargada/personal de atención 1 (s/reglamento interno)
 c.2) Personal de atención 2 (s/reglamento interno)

Financiados *parcialmente* con subvención (Consellería de Política Social).

Debe dicir:

- c) Persoal Punto de Atención á Infancia (PAI) 3
 c.1) Encargado/personal de atención 1

c.2) Personal de atención	1
c.3) Personal de apoio	1

Financiados parcialmente con subvención (Consellería de Política Social).

O Corgo, 2 de decembro de 2021.- O ALCALDE, Felipe Labrada Reija.

R. 3504

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria Urxente celebrada o día 01 de decembro de 2021, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos **MC21/2021 SC 3/2021** na modalidade de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería, o que se publica aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. O citado acordo plenario quedará elevado automaticamente a definitivo de non presentarse reclamación algunha no prazo de exposición ao público.

Folgoso do Courel, 2 de decembro de 2021.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 3505

LÁNCARA

Anuncio

O Pleno do Concello de Láncara en sesión ordinaria realizada o 07/10/2021 acordou aprobar inicialmente a modificación do artigo 3 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de vehículos de tracción mecánica. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 18/10/2021 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado, polo que procede publicar o texto íntegro da ordenanza coas modificacións acordadas co texto que se transcribe:

“ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO CONCELLO DE LÁNCARA.

Artigo 1. - Fundamento legal

Segundo o artigo 59.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os concellos esixirán o Imposto sobre vehículos de tracción mecánica que se regula nos artigos 92 a 99 do citado texto legal. O Concello de Láncara esixirá este tributo de conformidade co disposto no mencionado Real decreto lexislativo, disposicións que o desenvolven e os seguintes artigos.

Artigo 2.- Feito impoñible

1. Este imposto grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexan a súa clase e categoría.
2. Considerase vehículo apto para a circulación o matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non causara baixa nestes. Os efectos deste imposto tamén se consideran aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.
3. Non están suxeitos ó imposto:

A) Os vehículos que foran dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo e sexan autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ós desta natureza.

B) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cunha carga útil que non sexa superior a 750kg.

Artigo 3. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, se o permiso de circulación do vehículo está ó seu nome.

Artigo 4.- Exencións e bonificacións.

1. Estarán exentos do Imposto:

a) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidade Autónomas e Entidades locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que serán súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao.

Así mesmo, os vehículos de Organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

c) Os vehículos respecto dos que así derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.

d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ó traslado de feridos ou enfermos.

e) Os vehículos para persoas con mobilidade reducida ó que se refire o apartado A do Anexo II do Regulamento Xeral de vehículos, aprobado por Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro.

Tamén, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto continúen as ditas circunstancias, tanto ós vehículos conducidos por persoas con discapacidade coma os destinados ó seu transporte.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables ós suxeitos beneficiarios deles por máis dun vehículo simultaneamente.

Segundo o disposto neste parágrafo, considéranse persoas con minusvalía as que teñan esta condición legal en grao igual ou superior ó 33 por cento.

f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ó servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, coa do condutor.

g) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da Cartilla de inspección Agrícola.

2. Para poder aplicar as exencións a que se refiren os parágrafos e) e g) deste artigo, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e causa do beneficio. Declarada a exención pola Administración municipal, expedirase un documento que acredite a súa concesión.

Xunto coa petición de exención os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Vehículos matriculados a nome do minusválido destinados ó seu transporte.
- Certificado do grao de minusvalía expedido polo órgano autonómico competente, acreditando unha minusvalía igual ou superior ó 33%.
- Permiso de condución (anverso e reverso) do minusválido ou condutor habitual.
- Permiso de circulación a nome do minusválido.
- Póliza de seguro do vehículo no que figure o condutor habitual do vehículo.
- Ficha técnica do vehículo.
- Declaración ou manifestación do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.
- Fotocopia do D.N.I. do minusválido e do condutor habitual do vehículo.
- O petionario deberá xustificar, encontrarse ó corrente do pago do imposto.
- A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia.

3. Bonificacións:

Segundo establecido no artigo 95.6 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo establécense as seguintes bonificacións:

- Os vehículos históricos regulados no artigo 1 do R.D. 1247/1995, de 14 de xullo, e todos aqueles que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos, contados a partir da data da súa fabricación ou, se non se coñecera, tomando como tal a data da súa primeira matriculación, ou no seu defecto, a data na que ó seu correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar, gozarán dunha bonificación do 100%.

Para aplicar esta bonificación, os suxeitos pasivos ou os seus representantes poderán solicitar a concesión da bonificación acreditando a data de fabricación ou primeira matriculación por medio de copia compulsada da ficha técnica, ou permiso de circulación do vehículo ou certificado do fabricante ou de industria respecto á data na que se deixou de fabricar o modelo en cuestión. O petionario deberá xustificarestar ó corrente do pago deste imposto.

- Os vehículos de clase turismo, gozarán nos termos que se dispoñen, das seguintes bonificacións na cota do imposto, durante 3 anos, en función das características dos motores, a clase de combustible que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran as condicións seguintes:

a) Unha bonificación do 50% para os vehículos híbridos (con motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diesel, eléctrico-gas ou gasolina-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, axeitados á súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes.

b) Unha bonificación do 75% para os vehículos de motor eléctrico e/ou emisións nulas, ou que utilicen exclusivamente como combustible biogás, gas natural, gas líquido, metano, metanol e hidróxeno.

Para poder gozar desta bonificación os interesados deberán instar a súa concesión, xuntando copia do permiso de circulación e da ficha técnica do vehículo, así como a documentación acreditativa dos requisitos.

A bonificación terá efectos no ano da primeira matriculación e nos dous anos seguintes. Si se desexa que a bonificación teña efectos no mesmo período impositivo no que se produce a matriculación, a solicitude deberá presentarse nese mesmo ano. No caso de que a solicitude se presente con posterioridade o ano da alta a bonificación non terá efectos para as cotas devengadas con anterioridade.

Non procederá a concesión desta bonificación no caso de que o titular do vehículo beneficiado non estea ó corrente do pagamento deste imposto por calquera vehículo ó seu nome.

Artigo 4º. Bases e cota tributaria.

O imposto esixirase con arreglo ó seguinte cadro de tarifas:

Potencia e clase de vehículo	Cota/Euros
A) Turismos:	
De menos de 8 cabalos fiscais	16
De 8 hasta 11,99 cabalos fiscais	41
De 12 hasta 15,99 cabalos fiscais	87
De 16 hasta 19,99 cabalos fiscais	108
De 20 cabalos fiscais en diante	135
B) Autobuses:	
De menos de 21 prazas	100
De 21 a 50 prazas	143
De máis de 50 prazas	178
C) Camións:	
De menos de 1.000 kilogramos de carga útil	51
De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil	100
De máis de 2.999 a 9.999 kilogramos de carga útil	143
De máis de 9.999 kilogramos de carga útil	178
D) Tractores:	
De menos de 16 cabalos fiscais	22
De 16 a 25 cabalos Fiscais	34
De máis de 25 cabalos fiscais	100
E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:	
De menos de 1000 e máis de 750 kilogramos de carga útil	22
De 1000 a 2999 kilogramos de carga útil	34
De máis de 2999 kilogramos de carga útil	100
F) Outros vehículos:	
Ciclomotores	6
Motocicletas hasta 125 centímetros cúbicos	6
Motocicletas de máis de 125 hasta 25 centímetros cúbicos	10
Motocicletas de máis de 250 hasta 500 centímetros cúbicos	19
Motocicletas de máis de 500 hasta 1.000 centímetros cúbicos	37
Motocicletas de máis de 1.000 centímetros cúbicos	73

Artigo 5. Período impositivo e devengo.

1.-O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso da primeira adquisición do vehículo. Neste caso o período impositivo comezará o día no que se produza a dita adquisición.

2.-O imposto devéngase o primeiro día do período impositivo.

3.-O importe da cota do imposto prorratearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa do vehículo. Tamén se procederá ó prorrateo da cota nos mesmos termos nos supostos de baixa temporal por sustracción ou roubo do vehículo, e contarase dende que se produza dita baixa temporal no rexistro público correspondente.

Artigo 6.- Réxime de declaración e de ingreso.

A xestión, liquidación inspección e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria corresponde ó Concello do domicilio que conste o permiso de circulación do vehículo.

Quen solicite ante a Xefatura Provincial de Tráfico a matriculación, a certificación de aptitude para circular ou a baixa definitiva dun vehículo, deberá acreditar, previamente, o pago do imposto.

Á mesma obriga están suxeitos os titulares dos vehículos cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que altere a súa clasificación a efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia e de cambio de domicilio que consten no permiso de circulación do vehículo.

Artigo 8.- Pagamento

1. Cando se trate de vehículos de alta por primeira vez por seren de nova matriculación o imposto ingresarse polo sistema de autoliquidación. Esta formularase en impreso regulamentario, que facilita o Servizo Provincial de Recadación da Deputación Provincial de Lugo, con carácter previo á inscrición do vehículo no Rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico.

2. No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pagamento do imposto farase polo sistema de padrón anual, no que constarán todos os vehículos suxeitos ó imposto.

Disposición final.- Para o non previsto nesta ordenanza estarase ó disposto nos artigos 92 a 99 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Disposición derogatoria.- Queda derogada a ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aprobada polo Pleno do Concello en sesión do 14 de setembro de 2001.

Disposición derradeira.

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2017 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación”.

Láncara, 2 de decembro de 2021.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 3506

Anuncio

O Pleno do Concello de Láncara en sesión ordinaria realizada o 07/10/2021 acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 18/10/2021 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe logo da modificación:

“ORDENANZA FISCAL Nº 9 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E CARTEIS PUBLICITARIOS**ARTIGO 1º.-FUNDAMENTO E OBXECTO**

No uso das facultades conferidas polos artigos 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladoras das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, pola que se aproba o texto refundido da Lei Reguladoras das Facendas Locais, o Concello de Láncara establece a Taxa por prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais, a que se refire o artigo 20.4 a) do propio Real Decreto Lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do dito Real Decreto Lexislativo.

ARTIGO 2º.-FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible desta taxa:

1.- A prestación de servizos e a utilización das instalacións deportivas municipais seguintes:

- Pavillón Polideportivo Municipal a Pobra de San Xiao.
- Pista de Pádel.

2.- A colocación de carteis publicitarios visibles dende a vía pública.

Non están suxeitas ao pago as actividades deportivas organizadas directamente polo Concello de Láncara.

ARTIGO 3º.-BENEFICIOS FISCAIS.

Se aplicarán os beneficios fiscais previsto en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

As Asociacións Deportivas e Culturais con sede no concello que organicen actividades e competicións planificadas e organizadas, de interese social, terán unha bonificación do 100% sobre o prezo establecido.

As Entidades Deportivas municipais que pertencen a alguna das Federacións Deportivas Galegas, e estén inscritos en competicións oficiais propias da súa modalidade deportiva, gozarán dunha bonificación do 100% sobre o prezo establecido.

ARTIGO 4º.-OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

É obrigado tributario, en concepto de contribuínte, a persoa física ou xurídica e as entidades á que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten a utilización das instalacións ou a prestación dos servizos suxeitos e quen as utilicen aínda sen ter obtido a preceptiva autorización.

Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.-BASE IMPOÑIBLE

A determinación da contía a pagar se realizará mediante o sistema de cota fixa segundo as tarifas recollidas no artigo seguinte.

ARTIGO 6º.-TARIFAS

1.- PAVILLÓN POLIDEPORTIVO "A POBRA DE SAN XIAO": 12,36 € hora

2.- PANEIS PUBLICITARIOS, por m² de ocupación: 50,00 euros anuais.

3.- UTILIZACIÓN DE PISTA DE PÁDEL:

- 12,00 € hora e media

- 75,00 € cuota anual

Máximo de persoas por partido: 4

Gozarán dunha bonificación do 100% da tarifa polo uso das instalacións deportivas as persoas que acrediten a súa vecindade no concello de Láncara.

ARTIGO 7º.- DEVENGO

Devenga a Taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se accede á solicitude de reserva do uso das instalacións ás que se refire a presente ordenanza, e no momento da solicitude da autorización para a colocación de carteis.

ARTIGO 8º.-NOMAS DE XESTIÓN

A xestión e recadación da Taxa encomendase aos Servizos Municipais de Deportes facultando ao persoal que se designe para o cobro aos usuarios das instalacións.

Unha vez autorizada a utilización da instalación no momento de proceder ao acceso o Servizo Municipal de Deportes estendera as cartas de pago, boletos, tickets ou documentos que se estableza como xustificante de pago.

ARTIGO 9º.-INFRACCIÓN E SANCIÓN TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, será ao disposto nos artigos 178 e seguintes de Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro do 2017, permanecendo vixente ata a súa expresa modificación ou derogación".

Contra o acordo polo que se aproba esta ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nas formas e prazos que establecen as normas reguladoras de dita xurisdición.

Láncara, 2 de decembro de 2021.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 3507

LOURENZÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA XIMNASIO NOVEMBRO 2021

EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data 25 DE NOVEMBRO DE 2021, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO correspondente ao mes de NOVEMBRO de 2021 por importe de 842,86 EUROS (OITOCENTOS CUARENTA E DOUS CON OITENTA E SEIS EUROS)

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 25 DE NOVEMBRO de 2021.- A Alcadesa - Presidente, Rocío López García.

R. 3508

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do 29 de novembro do 2021, o cambio do sistema de actuación da zona D das Normas Subsidiarias de Planeamento, sométese a información pública e audiencia aos interesados polo prazo dun mes, contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, durante os cales poderán presentarse reclamacións e suxestións, de conformidade co previsto no art.111 da Lei do Solo de Galicia e o artigo 285 do Decreto 143/2016.

Monforte de Lemos, 1 de decembro de 2021.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 3509

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE OUTUBRO 2021.

Por Resolución de alcaldía do 25 de novembro de 2021 respectivamente, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 15 de decembro de 2021 ao 15 de febreiro de 2021**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 15 de decembro de 2021 ao 15 de febreiro de 2021**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 1 de decembro de dous mil vinte e un .

A Pontenova, 1 de decembro de 2021.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3510

RIBAS DE SIL

Anuncio

Unha vez formulada e rendida a Conta Xeral do Orzamento desta Corporación correspondente ao exercicio 2020, e informada pola Comisión Especial de Contas, en data do 02.12.2021, expónse ao público cos documentos que a xustifican na secretaría do Concello polo prazo de quince días contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP co obxecto de que os interesados poidan examinala e formular reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes durante o devandito prazo e oito mais, de conformidade co disposto no artigo 212 do T.R.L.H.L. (R.D.Lex. 2/2004 do 5 de marzo).

Ribas de Sil, 2 de decembro de 2021.- O Alcalde-Presidente, Miguel Ángel Sotuela Vega.

R. 3511

TRABADA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL

Aprobada inicialmente polo Pleno do Concello de Trabada, en sesión ordinaria celebrada o 1 de decembro de 2021 a modificación da **“Ordenanza fiscal reguladora do prezo público polo uso e funcionamento do ximnasio municipal”** deste Concello, de conformidade co disposto nos apartados 1 e 2 do art. 17 do Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, expónse ó público na Secretaría-Intervención Municipal durante o prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar a citada Ordenanza e presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas.

Rematado o período de exposición pública a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda resolvendo as reclamacións que se presentasen, e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza a que se refire o acordo provisional.

No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional sen necesidade de novo acordo plenario.

Trabada 1 de decembro de 2021.- A Alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 3513
